Nas obras que afecten ao subsolo, o promotor das actuacións deberá elaborar os proxectos arqueolóxicos indicados, someténdoo á correspondente autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, e presentando os resultados e medidas correctoras e protectoras propostas de forma previa ao desenvolvemento dos traballos de edificación.

Coa finalidade de que non se produza menoscabo nos valores a protexer, a administración competente poderá establecer as medidas correctoras a aplicar en cada caso.

Art.15.-Zona 2: Grao II

1. CONCEPTO. É o réxime de protección aplicable ao contorno inmediato do xacemento nos que, aínda que non son visibles, poidan existir restos arqueolóxicos, e onde a transformación no uso do solo, suporía ademais un grave impacto sobre as súas condicións ambientais e espaciais, conformándose aquí como protección complementaria ao grao I.

2. DELIMITACIÓN. Nos seus límites recóllense todos aqueles terreos que marcan o contorno circundante do xacemento catalogado, así como as zonas nas que se localizan materiais arqueolóxicos significativos.

A delimitación gráfase nos planos de ordenación coa denominación correspondente.

3. USOS PERMITIDOS. Nas zonas comprendidas nesta delimitación, admítense todas aquelas actuacións permitidas nas NNSS vixentes do Concello de Cervo para a clase e categoría de solo afectada pola delimitación arqueolóxica cautelar, sempre e cando se cumpran os requirimentos establecidos no apartado 4 seguinte. En todo caso, os movementos de terra en xeral (escavacións, recheos, apertura de pistas, etc.), a plantación e arranque de árbores, as instalacións aéreas ou subterráneas, así como a apertura de pozos deberán igualmente cumprir previamente as pautas establecidas nos requirimentos do apartado 4 seguinte.

As características específicas de dita intervención arqueolóxica deberán ser concretadas polos técnicos da administración correspondente dentro da Consellería de Cultura.

4. REQUISITOS. Calquera tipo de obra que se poida acometer nesta área de protección por aplicación das condicións establecidas nesta Normativa, deberá implicar unha intervención arqueolóxica previa consistente en, cando menos o control arqueolóxico da zona.

TÍTULO IV.-NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL

CAPÍTULO I.-RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL

Art.16.-Ámbito de aplicación

1. As condicións establecidas neste Capítulo serán de aplicación en todo o ámbito do Plan Especial de Protección do Xacemento da Atalaia.

Art.17.-Disposicións xerais

1. Se durante a execución do plan se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será, o Servizo de Patrimonio Natural de Lugo, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

Art.18.-Protección da flora e da fauna

1. Garantirase o respecto dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas que puideran estar presentes na zona de actuación.

2. En caso de detectar a presenza de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, avisarase ó Servizo de Patrimonio Natural de Lugo, tendo en conta as prohibicións dispostas no artigo 93 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

3. Aínda que na actualidade non se prevé afección algunha sobre a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *Lusitanica* Steinbacher), o presente PEP sitúase sobre unha área tipificada como potencial, polo que estarase ao disposto no decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da citada subespecie en Galicia.

Art. 19.-Protección das especies silvestres animais

1. Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente as especies silvestres animais, sexa cal sexa o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico. Nesta prohibición inclúese a súa retención e captura en vivo, a destrución, o dano, a recolección e a retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos aínda estando baleiros.

2. Queda igualmente prohibido posuír, transportar, traficar e comerciar con exemplares vivos ou mortos ou cos restos de animais silvestres, todo elo sen prexuízo do disposto no artigo 89.3 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

TÍTULO V.-NORMAS PARTICULARES DE ZONA

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Art.20.-Eido de aplicación

As Ordenanzas e Normas contidas neste TÍTULO, serán de aplicación aos ámbitos de solo URBANO CONSOLIDADO, grafados nos planos de ordenación coa súa denominación correspondente.

Art.21.- DIVISIÓN EN ZONAS

De acordo coa zonificación establecida, o ámbito divídese en dúas zonas, nas que serán de aplicación, en consonancia coas establecidas nas NNSS as ordenanzas seguintes:

Ordenanza (O-1): Parque arqueolóxico.

Ordenanza (O-2): Viario

As zonas indicadas, grafanse no Plano PE-18 “Ordenación proposta”.

CAPÍTULO II.- ORDENANZA 1 (O-1) – PARQUE ARQUEOLÓXICO

Art.22.- Disposicións xerais

1.ÁMBITO DE APLICACIÓN:

A presente ordenanza será de aplicación ao ámbito do plan especial incluído na zona da protección integral do xacemento que se pretende recuperar, grafado nos planos de ordenación coa súa denominación correspondente.

2.CONDICIÓN XERAIS

a) No parque arqueolóxico unicamente se permitirán aqueles usos de carácter recreativo, cultural e de investigación científica, compatibles coa conservación e posta en valor do xacemento arqueolóxico e do seu ámbito, de acordo co establecido nas Normas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico contidas nesta Normativa

b) Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección estarase ao disposto nos artigos 23 a 26 da Lei de Costas e do Regulamento Xeral de Costas, e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización.

c) Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de Costas e concordante do Regulamento Xeral de Costas.

d) Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección estarase ao disposto nos artigos 23 a 26 da Lei de Costas e concordantes do Regulamento Xeral de Costas, así como as DT 3ª e 4ª da Lei de Costas e 8ª a 15ª do Regulamento.

e) Tendo en conta a presenza de petroglifos nas zonas de afección de costas, será igualmente de aplicación o disposto na Disposición adicional 11ª da Lei de Costas (Bens declarados de Interese Cultural) desenvolvida na Disposición adicional 3ª do RXC.

f) En todo caso, a utilización do dominio público marítimo-terrestre regularase segundo o especificado no Título III da Lei de Costas, debendo contar en todo caso as actuacións que se planteen co correspondente título habilitante.

g) No caso de que se constate a existencia dalgún curso fluvial, ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas nesta para o dominio público hidráulico. Asemade, de constatare a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitaranse as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, solicitaranse as autorizacións correspondentes.

3.CONDICIÓN DE DESEÑO, SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

a) O deseño do espazo libre deberá ter en conta todos aqueles elementos existentes, valorándoos axeitadamente e tratando de integrar na ordenación todos aqueles que pola súa singularidade, como elementos independentes ou como conxunto, poidan axudar a configurar o espazo de que se trate.

b) Atenderase especialmente á conservación de todos aqueles elementos vexetais que poidan integrarse na ordenación, prohibíndose expresamente a eliminación do arborado autóctono ou de gran porte (sempre que no interfira inescusablemente na ordenación do espazo ou na conservación dos restos arqueolóxicos, debéndose xustificar esta circunstancia).

c) Prohíbense os movementos de terras que alteren a configuración topográfica dos terreos de forma significativa.

d) No deseño do espazo libre estableceranse os elementos axeitados para reducir os consumos de iluminación pública e minimizar a contaminación lumínica.

4.CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE E DE SERVIZOS

Os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deberán ser adaptados, de acordo coas seguintes condicións de accesibilidade:

- a)Disporán dun itinerario peonil adaptado que permita un recorrido polo seu interior, o acceso aos elementos singulares do espazo e aos servizos hixiénicos segundo as esixencias sinaladas na base 1.1 do RASB.
- b)Os elementos de urbanización (pavimentos, saneamento, iluminación, electricidade, subministro de auga, etc.) que forman parte do citado itinerario estarán adaptados, de acordo coa base 1.2 do RASB.
- c)O mobiliario urbano (sinais de tránsito, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización) será adaptado de acordo coa base 1.4 do código de accesibilidade e co previsto no Art. 19 e Sección 6ª do RASB.
- d)Os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deberán cumprir as condicións previstas nos Arts. 16º e 17º do RASB.

CAPÍTULO III.-ORDENANZA 2 (O-2) – Viario público

1.ÁMBITO DE APLICACIÓN:

A presente ordenanza será de aplicación nos ámbitos de solo urbano destinados polo PEP ó viario.

2.CONDICIÓN

- a)A rede viaria urbana regúlase no Título V desta Normativa, relativo as NORMAS XERAIS DE URBANIZACIÓN E DE INFRAESTRUTURAS.
- b)Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección estarase ao disposto nos artigos 23 a 26 da Lei de Costas e do Regulamento Xeral de Costas, e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización.
- c)Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de Costas e concordante do Regulamento Xeral de Costas.
- d)Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección estarase ao disposto nos artigos 23 a 26 da Lei de Costas e concordantes do Regulamento Xeral de Costas, así como as DT 3ª e 4ª da Lei de Costas e 8ª a 15ª do Regulamento.
- e)Tendo en conta a presenza de petroglifos nas zonas de afección de costas, será igualmente de aplicación o disposto na Disposición adicional 11ª da Lei de Costas (Bens declarados de Interese Cultural) desenvolvida na Disposición adicional 3ª do RXC.
- f)No caso de que se constate a existencia dalgún curso fluvial, ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas nesta para o dominio público hidráulico. Asemade, de constatare a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitaranse as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, solicitaranse as autorizacións correspondentes.

TÍTULO VI.-NORMAS XERAIS DE URBANIZACIÓN E DE INFRAESTRUTURAS

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Art.23.-Concepto e eido de aplicación

1.As presentes Normas serán de aplicación ás urbanizacións en solo urbano.

2.En solo urbano, as presentes Normas establecen:

- a) As condicións que debe cumprir a rede viaria e os servizos de abastecemento de auga, saneamento e subministro de enerxía eléctrica, sen prexuízo das condicións específicas que determinen, no seu caso, os correspondentes Plans Especiais ou Proxectos de Urbanización.
- b)As condicións que deben cumprir os espazos de uso público (rede viaria, aparcadoiros vinculados á rede viaria e ás vías de uso público) e elementos de urbanización, para eliminar e evitar a formación de barreiras urbanísticas, de conformidade coas disposicións contidas na LASB e no RASB.

Art.24.-Condicións de accesibilidade das redes viarias e dos aparcadoiros

1.En xeral, nos espazos viarios existentes o presente PEP fomentará a súa peatonalización, restrinxindo o tráfico de vehículos ou a redución da velocidade dos mesmos a través de cambios de pavimentos, estreitamentos viarios ou introdución de mobiliario urbano e arborado que provoquen unha maior humanización do entorno do xacemento.

2.En aplicación das disposicións contidas na Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (LASB) e no Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (RASB), as vías públicas e aparcadoiros deberán cumprir as seguintes condicións:

- a)As vías públicas deberán ser adaptadas de acordo coas condicións esixidas no Art.15º del RASB.
- b)As características dos itinerarios peonís ou mixtos de peóns e vehículos, o seu deseño e trazado, así como as súas condicións suxeitaranse ao disposto no Art. 16º del RASB.
- c)A comunicación vertical dos itinerarios realizarase mediante ramplas ou ascensores que cumprarán as condicións establecidas no Art.17º del RASB.
- d)Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou dean servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida.
- e)As prazas adaptadas e itinerarios, cumprarán as condicións establecidas no Art. 21º del RASB. Cumpriran tamén as condicións definidas no artigo 8 da Lei de Accesibilidade. De conformidade con dito artigo reservaranse como mínimo unha de cada corenta prazas de aparcadoiro ou fracción.
- f)Nas zonas destinadas a estacionamento reservaranse prazas para bicicletas co fin de facilitar o acceso ao ámbito mediante este modo de transporte alternativo.

Art.25.-Calzadas

- 1.Os materiais e demais características técnicas do firme e da capa de rodadura das calzadas, deberán responder ás necesidades e intensidades de uso en cada tipo de vía.
- 2.Para calcular a pavimentación das calzadas na rede viaria definida no PEP terase en conta, tanto o espesor das capas de firme necesario coma o material a empregar na capa de rematado superficial, en atención á intensidade e uso do tráfico que se prevexa (rodado, peonil ou mixto).
- 3.Na rede viaria rodada non se permitirá a utilización de materiais asfálticos naqueles elementos que non son definitorios da súa sección funcional, tales como beirarrúas, isletas... Cando existan desniveis na proximidade das vías, trataranse de forma que os noiros que sexan necesario executar teñan unha superficie que impida o corremento de terras, colocando muros de contención nos lugares necesarios e as correspondentes proteccións. Acerca dos muros de contención realizaranse en cantería ou cachotería pétreas de gran, e composición semellante ao da pedra que se utiliza na zona. As diferenzas de nivel entre os distintos pavimentos resolveranse con bordos ou outros elementos de separación que definan claramente os seus perímetros.
- 4.Os materiais de pavimentación, así como a súa textura elixiranse de acordo cun código funcional que distinga, polo menos, o espazo rodado do resto. Así recoméndase para a rede viaria de carácter peonil a utilización de empedrado de pedra, o lousado de pedra con rematado rugoso, terras estabilizadas, ou pavimentación por elementos asentados en seco sen prexuízo das actuacións de recuperación das antigas pavimentacións pétreas tratando de recuperar e respectar ao máximo a súa composición, materiais, embornais e demais elementos.

Art.26.-Servizos urbanos e aparcadoiros

- 1.A zona de servizos urbanos e aparcadoiros, é a zona do espazo público colindante coa calzada. Nela sitúanse os servizos urbanos e os aparcadoiros.
- 2.Na zona de servizos urbanos poderán ir colocados os elementos urbanos seguintes: paradas de autobús, buzóns postais, quioscos...
- 3.Na zona de aparcadoiro situaranse: Aparcadoiros de vehículos, zona de carga e descarga, parada de autobús e parada de taxis.
- 4.Nas zonas de estacionamento de automóviles vinculadas á rede viaria aconséllase o emprego de pavimentación por elementos, prohibíndose o uso de materiais asfálticos.

Art.27.-Beirarrúas

- 1.Son os espazos dedicados á circulación dos peóns. As beirarrúas cumprarán as seguintes condicións:
- 2.O espazo mínimo de beirarrúa estará totalmente libre de obstáculos.
- 3.Os materiais a utilizar no pavimento da beirarrúa poderán ser o empedrado de pedra, o lousado de pedra con rematado rugoso, terras estabilizadas, ou pavimentación por elementos asentados en seco sen prexuízo das actuacións de recuperación das antigas pavimentacións pétreas tratando de recuperar e respectar ao máximo a súa composición, materiais, embornais e demais elementos.

Art.28.-Iluminación, arborado e mobiliario urbano

1.DIMENSIÓNS

O ancho mínimo do espazo onde se sitúan os elementos urbanos que cualifican a rúa como pode ser: a iluminación, o arborado e o mobiliario urbano, será de 1 metro.

2.ARBORADO

Na elección do arborado terase en conta o seu tamaño, especie e tipo de folla, así como a escala da rúa onde se sitúa.

Terán unha disposición e ritmos acertados segundo o tipo de rúa onde se atope.

3.ILUMINACIÓN

A iluminación colocarse en función dos criterios de cálculo lumínico, e o seu tamaño e estética serán os apropiados segundo a zona onde se vaian a colocar, utilizando, de maneira preferente os deseños de liñas sinxelas.

O seu uso será direccional cara ao solo, cubrindo as necesidades dos peóns e evitando en todo momento a contaminación lumínica.

4.MOBILIARIO URBANO

A efectos de aplicación do RASB, considéranse elementos do mobiliario urbano o conxunto de obxectos existentes nas vías e espazos públicos que se encontren superpostos ou apegados aos elementos de urbanización ou da edificación de forma que sexa posible o seu traslado ou modificación sen alteracións substanciais daquelas, tales como semáforos, postes de sinalización e similares, cabinas telefónicas, fontes públicas, papeleiras, veladores, marquesiñas, quioscos, contedores, varandas, bolardos, controis de aparcadoiro e calquera outros de natureza análoga. O mobiliario urbano cumprirá as seguintes condicións:

a)Os elementos de mobiliario urbano deseñaranse e colocaranse de maneira que non obstaculicen a circulación das persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade.

b)Os elementos do mobiliario urbano cumprirán as condicións esixidas na base 1.4 do código de accesibilidade do RASB.

c)Os sinais de tráfico, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se emprace nun itinerario ou espazo de acceso peonil, deberán ser deseñados e colocados de forma que resulten adaptados, emprazándose de maneira que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade, debendo cumprir coas condicións establecidas na LASB e RASB.

d)Os elementos saíntes que se empracen nas aliñacións das fachadas de edificios que interfiran un itinerario ou espazo peonil, deberán evitar en todo caso ser un obstáculo para a libre circulación de todo tipo de persoas, debendo cumprir coas condicións establecidas na LASB e RASB.

e)Producirase a tipificación dos elementos do mobiliario urbano e das actuacións na rede viaria mediante o desenvolvemento de proxectos específicos e unitarios para cada unha das áreas morfolóxicas da vila delimitadas como zonas de ordenanza particular no PEP. Estes proxectos adaptaranse ás condicións seguintes:

f)O mobiliario urbano que se indique nestes proxectos deberá estar executado con materiais de calidade (pedra de gran característico da zona, de aceiro ou de madeira). O seu deseño garantizará a seguridade do seu uso polos cidadáns integrarse cos valores da zona na que se sitúe, fuxindo dos deseños estándares. Recoméndase para a coloración destes elementos a utilización de negro. Desaconséllase a utilización de verdes escuros, vermellos, branco ou semellantes.

g)Os farois estarán construídos con materiais tradicionais (fundición e forxa) e responderán a deseños non mistificados, recomendándose a sinxeleza nas liñas tanto dos pés coma nos báculos e outros soportes como nas luminarias para non perturbar nin por deseño nin por situación o ambiente nin a axeitada contemplación dos edificios de interese. A iluminación deberá fuxir do concepto de espazo - escenario, sen por iso deixar de cumprir coa función de iluminar, coidarase a intensidade conveniente da iluminación, tendendo a crear o clima axeitado ao carácter da vila. Quedan totalmente prohibidas as pantallas luminarias con tubos fluorescentes.

h)Os contedores de lixo deberán ser de madeira.

i)En canto ás papeleiras non se empregará o plástico na súa construción.

j)As varandas de protección terán unha composición na que predomine a dimensión dos elementos horizontais sobre a dos verticais, procurando alcanzar a maior diafanidade posible. Os materiais a utilizar serán os que presenten as condicións axeitadas para resistir os efectos dos axentes atmosféricos e de utilización, recomendando o aceiro e a madeira. Prohíbese a construción de proteccións e varandas a base de elementos prefabricados cerámicos ou de formigón.

Cervo, 21 de marzo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0630

LOURENZÁ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Despois de aprobarse inicialmente, mediante acordo do Pleno do Concello de Lourenzá, en la sesión ordinaria celebrada el día 17 de marzo de 2022, o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Lourenzá, sométese a información pública, en cumprimento do establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dito Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Lourenzá exhibirase en formato papel nas oficinas municipais, en horario de oficina (luns a venres, de 9.00 horas a 14.00 horas) e na sede electrónica do Concello (<https://concellodelourenza.sedelectronica.gal>).

Durante un período de vinte días hábiles a partir da publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Lugo, calquera persoa física ou xurídica poderá examinar o expediente co fin de que as persoas que lo desexen poidan formular os correspondentes alegacións, observacións y suxestións.

Lourenzá, 21 de marzo do 2022.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0631

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 3202/2022 do 18/03/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a do Parque Móbil do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 11/280 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ENCARGADO/A DO PARQUE MÓBIL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Polo Decreto nº 5539/2021 do 25/06/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA ENCARGADO/A DO PARQUE MÓBIL pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018).

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 148, do 1 de xullo de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 149, de 5 de agosto de 2021. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 216 do 9 de setembro de 2021.

Con data do 8 de outubro de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 7/118 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A DO PARQUE MÓBIL, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 17 de marzo de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal do 17 de marzo de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 5539/2021 do 25/06/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a do Parque Móbil do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS.

Apelidos e nome	DNI
FARIÑA FRANCO, PABLO	***2898**
REIGOSA MOURIZ, JOSÉ RODRIGO	***3977**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
BRAVOS PAZOS, MIGUEL	***4817**	Non aportar copia da titulación esixida

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 7/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2022, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a do Parque Móbil do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a

- Don Juan Antonio López López, Xefe de Sección da Oficina Técnica de Mobilidade do Concello da Coruña

Suplente: dona Marta Carballal Neira, Adxunta do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo

Vogais

- Don Miguel López Palacios, Sarxento de Bombeiros do Concello de Lugo

Suplente: don Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo

- Don José Luis Piñeiro Santos, Inspector Policía Local do Concello de Lugo

Suplente: don Rubén Prieto Dorado, Oficial de Policía Local do Concello de Lugo

- Don Efrén Pereira Álvarez, Enxeñeiro Técnico Industrial do Concello de Lugo

Suplente: dona María Isabel Varela López, Xefa de Sección Mobilidade Urbana e Sancións do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 18 de marzo de 2022.

R. 0632

*Anuncio***DECRETO Nº 3200/2022 DO 18/03/2022**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a superior electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 8/297 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICISTA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Polo Decreto Nº 8547/2021 DO 19/10/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a superior electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 246, do 26 de outubro de 2021, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 241, de 17 de decembro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 5 do 6 de xaneiro de 2022.

Con data do 3 de febreiro de 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 8/119 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICISTA, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 17 de marzo de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

"Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. "A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos."

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 17 de marzo de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 8547/2021 DO 19/10/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de

Técnico/a superior electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
MOSQUERA BERTOLO, VICTOR MANUEL	***9347**
RODRIGUEZ PENA, JOSE	***4158**

EXCLUIDOS/AS

Ningún.

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 8/119 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2022, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a superior electricista do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a

Don Efrén Pereira Álvarez Enxeñeiro, Técnico Industrial do Concello de Lugo

Suplente: don Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo

Vogal titular: don José Enríquez Alcázar Sánchez-Vizcaíno, Xefe de Departamento de Actividades Industriais da Área de Infraestruturas do Concello da Coruña

Suplente: don Marcos López Fernández, Xefe da Sección de Medio Rural do Concello de Lugo

Vogal titular: dona Marta Carballal Neira, Adxunta do Servizo de Enxeñería Concello de Lugo

Suplente: don Pablo Fuentes Faílde, Xefe de Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo

Vogal titular: don Juan Carlos Morán del Pozo, Xefe de Servizo de Administración Industrial da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia

Suplente: dona Susana Penedo Souto, Arquitecta do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 18 de marzo de 2022.

R. 0633

Anuncio

DECRETO Nº 3199/2022 DO 18/03/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 7/296 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL) PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Polo Decreto Nº: 5536/2021 de data 25/06/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL) do cadro de persoal funcionario do Excmo.

Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 148, do 1 de xullo de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 141, de 1 de agosto de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 216 do 9 de setembro de 2021.

Con data do 8 de outubro de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 9/120 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL), PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2018)

- Proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 17 de marzo de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria.

Tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 17 de marzo de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 5536/2021 de data 25/06/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada de Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
DARRIBA BURGO, JESÚS	***4498**
LÓPEZ IGLESIAS, ALEJANDRO MANUEL	***0950**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
EXPÓSITO LÓPEZ, JESÚS	***5487**	Non pertencer á clase da praza convocada

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 9/120 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 2 de marzo de 2022, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a para o acceso en propiedade a unha praza de Encargado/a (Brigada Zona Rural) do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Pablo Fuentes Faílde, Xefe de Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo

Suplente: D. Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo

Vogal titular: D.^a Marta Carballal Neira, Adxunta do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo

Suplente: D.^a Susana Penedo Souto, Arquitecta do Concello de Lugo

Vogal titular: D.^a Belén Santiago Vázquez, Xefa de Sección da Oficina de Inspección de Actividades do Concello de Lugo

Suplente: D.^a Pilar Salvador Potente, Arquitecta do Concello de Lugo

Vogal titular: D. Marcos López Fernández, Xefe de Sección de Medio Rural do Concello de Lugo

Suplente: D. Carlos Bagueiras Vázquez, Xefe de Negociado, Delineante do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 18 de marzo de 2022.

R. 0634

PANTÓN

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (CONTRATO PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL) DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES), NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021 (B.3.-PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto do 21.03.2022, resolveu convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal (Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) de dúas (2) persoas traballadoras desempregadas (PEÓN SE SERVICIOS MÚLTIPLES), no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 (B.3.-Programa de Fomento do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.) ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración cunha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a Formación Continua nas Administracións Públicas, con arranxo ao seguinte baremo:

- Pola participación como asistente, 0'05 puntos por cada hora de duración.
- Pola participación como relator/a ou por impartir un curso, 0'10 puntos por cada hora de duración.

Os cursos impartidos ou recibidos nos que non se exprese duración serán valorados cunha puntuación mínima de 0'05 ou 0'10, en cada caso.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberá especificarse o número de horas, en caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No caso de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Non se valorarán os cursos repetidos, salvo que a materia obxecto do curso experimente cambios relevantes.

7.1.3.- Probas superadas: Ata un máximo de 2 puntos.

Por cada exercicio superado en probas selectivas, celebradas no ámbito das Administracións Públicas, para o acceso a unha praza de auxiliar administrativo (Grupo C/subgrupo C2), outorgaranse 0,50 puntos por cada proba.

Por cada exercicio superado en probas selectivas, celebradas no Concello de Pol, para o acceso a unha praza de auxiliar administrativo (Grupo C/subgrupo C2), outorgarase 1 punto por cada proba.

7.2.- Encontro curricular. Máximo de 6 puntos.

Consistirá nun breve encontro (máximo 10 minutos) co Tribunal no que esta plantexará preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o desempeño das súas funcións. Valorarase a corrección técnica e a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

FASE DE OPOSICIÓN. (Máximo 60 puntos)

Divídese en dúas partes, obrigatorias e non eliminatorias (art. 2.4. da Lei 20/2021, de 28 de decembro).

1ª.- Parte: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas tipo test, baseadas no contido do programa Anexo á convocatoria.

Cada pregunta terá catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta.

O exercicio disporá, a maiores, de 3 preguntas de reserva, que serán valoradas só en caso de que se anule algunha das preguntas do mesmo.

A duración da proba será de 60 minutos. O contido da mesma será determinado polo tribunal inmediatamente antes do seu inicio.

O exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará un terzo da puntuación de cada pregunta acertada. As respostas en branco nin suman nin restan puntuación.

2ª Parte: Consistirá na resolución de 1 suposto práctico proposto polo Tribunal. O seu contido situarase no ámbito das materias tratadas dentro do programa establecido nestas bases e estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria.

A duración da proba será de 50 minutos. O contido da mesma será determinado polo tribunal inmediatamente antes do seu inicio.

O exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

3ª Parte: Este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun fragmento dun documento administrativo proposto polo Tribunal.

A duración da proba será de 20 minutos. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto”.

Quedarán exentas de realizar esta proba as persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final no proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia aquel/a aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de oposición.

2º.- De persistir o empate, terá preferencia aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso.

3º.- De persistir o empate, terá preferencia aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valoran os servizos prestados na Administración Local.

4º.- Finalmente, en caso de perdurar o empate, terá preferencia aquel aspirante que prestara servizos durante maior tempo no Concello de Pol.

NOVENA. RECURSOS.

Contra o Acordo de aprobación das presentes bases, que esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Pol no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ambos contados desde a publicación daquelas.

Pol, 23 de marzo de 2022.- O ALCALDE, LINO RODRÍGUEZ ÓNEGA.

ANEXO I
PROCESO DE ESTABILIZACIÓN
TEMARIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A Coroa. O Poder Lexislativo. O Goberno e a Administración do Estado. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.- Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Termos e prazos. Requisitos. Validez. Eficacia. A nulidade e anulabilidade.

Tema 3.- O procedemento administrativo. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 4.- O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica.

Tema 5.- O Municipio. Elementos. Organización e Competencias.

Tema 6.- O persoal ó servizo da Administración Local. Clases de empregados públicos municipais. Dereitos e deberes dos funcionarios locais.

Tema 7.- Os contratos da Administración Local. Clasificación dos contratos. Os seus elementos. Idea xeral sobre a selección do contratista, adxudicación, formalización e execución do contrato e extinción. A execución directa de prestacións por parte do Concello, coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados.

Tema 8.- As formas de acción administrativa con especial incidencia na esfera local: fomento, policía e servizo público. A xestión dos servizos públicos locais.

Tema 9.- Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicaci3ns e notifi3caci3ns.

Tema 10.- Divisi3n administrativa do Concello de Pol: a capitalidade do Municipio, parroquias e Entidades de poboaci3n.

Tema 11.- Coñecementos xerais sobre o Concello de Pol: situaci3n, densidade poboacional, principais sectores econ3micos.

Tema 12.- Coñecementos b3sicos sobre as ordenanzas reguladoras da actividade ordinaria do Concello.

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DO/A INTERESADO/A	
Nome e apelidos:	D.N.I./N.I.E.:
Dirección a efectos de notificación:	Dirección electrónica (indicar só no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas por este medio):

EXPÓN:

1.º) Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, de acordo coas bases publicadas no BOP de Lugo de data:

2.º) Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base Terceira de selección para participar no presente proceso selectivo e, no caso de obter a praza, comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 70/1979.

3.º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----

Deber de informar aos interesados/as sobre protección de datos	
<input type="checkbox"/> Fun informado/a de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Concello de Pol
Finalidade Principal	Tramitación, xestión e actuacións derivadas do proceso selectivo no que participa.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros.

Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@concellodepol.gal

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

O solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

ANEXO III**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIREN AS BASES QUE REXEN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO CONCELLO DE POL.**

Don/Dona.....,
con DNI/NIE ou pasaporte número....., con enderezo postal en.....
e con enderezo electrónico

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) Estar en posesión da titulación mínima esixida nas presentes bases para o acceso á praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.
- b) Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) Non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza a que se aspira.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

O solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

Anuncio

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C / SUBGRUPO C1, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE POL, INCLUIDO NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, APROBADA POR ACORDO DO PLENO DE DATA 18 DE FEBREIRO DE 2022.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

1.1.- É obxecto da presente convocatoria a provisión de 1 praza de administrativo como persoal funcionario, pertencente ao Grupo C, subgrupo C1, vacante na plantilla de persoal do Concello de Pol.

1.2.- Farase en execución, por unha soa vez, do proceso de estabilización de emprego temporal previsto na Oferta de Emprego Público do Concello de Pol do ano 2022, de conformidade co disposto no art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público.

1.3.- O procedemento selectivo revestirá o sistema de concurso-oposición de acordo co disposto no art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público.

SEGUNDA.- Características da praza.

A praza convocada está encadrada no Grupo C, subgrupo C1, de acordo coas equivalencias previstas na Disposición Transitoria Terceira do TREBEP en relación coa Disposición Adicional Sexta, correspondente á seguinte categoría:

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL					
PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO					
Nº prazas	Categoría da praza	Acceso á estabilización	Quenda	Réxime xurídico	Grupo/Subgrupo
1	Administrativo/a de administración xeral	Lei 20/2021	Libre	Funcionario/a	C/C1

TERCEIRA.- Requisitos dos/as aspirantes.

7. Os/as aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- Estar en posesión do Título de Bacharelato ou Técnico, ou título equivalente ou superior, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.
- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que se houbese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Ter ingresado na conta ES28-3070-0008-40-1137606826 a nome do Concello de Pol a taxa por dereitos de exame por importe de 15,00 € previsto no texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 221 do día 24 de setembro de 2021.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Será nulo o nomeamento como funcionario de carreira de toda persoa incurso/a en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- Presentación de solicitudes.

4.1.- Quen desexa tomar parte no proceso selectivo deberá presentar a súa solicitude (Anexo II), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Pol, ou polos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

As solicitudes que se cursen a través das oficinas de Correos, deberán presentarse en sobre aberto, para que o/a funcionario/a correspondente poida estampar nelas o selo de data antes de certificarlas.

Os/as aspirantes manifestarán no Anexo III que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos.

Á solicitude de participación deberán acompañarse os documentos acreditativos dos diferentes méritos que se desexen facer valer, mediante fotocopias simples ou certificación acreditativa dos méritos, conforme á base Sétima A) da presente convocatoria.

Non se terán en conta os méritos presentados unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Os/as aspirantes poderán emendar a omisión, na súa solicitude, dos requisitos recollidos no art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non poderán emendar a solicitude nos supostos seguintes: concorrencia a sistemas selectivos diferentes das prazas convocadas, non facer constar que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, presentación da solicitude de forma extemporánea, así como omisión de calquera outro dato ou requisito diferente dos relacionados no art. 66 da referida Lei 39/2015.

4.2.- Os dereitos de exame serán de 15,00 € conforme ao establecido no artigo 6 epígrafe quinto do texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame do Concello de Pol, publicada no BOP número 221 de data 24 de setembro de 2021. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

No entanto, estará exento do pago de devandita taxa, quen se atope incluído no ámbito de aplicación do art. 18 da Lei 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, modificada polo art. 14 da Lei 55/1999, de 29 de decembro, isto é:

“a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) As persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data de convocatoria de probas selectivas de acceso aos Corpos e Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas pola Administración pública estatal nas que soliciten a súa participación. Serán requisitos para o goce da exención que, no prazo de que se trate non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negaron a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao Salario Mínimo Interprofesional”.

Documentos a presentar coa solicitude para a acreditación dos extremos anteriores:

Discapacidade: Os/as aspirantes que se atopen incluídos nas causas de exención do apartado 5 a) do art. 18 da referida Lei 66/1997, deberán achegar certificación de minusvalía que acredite a súa discapacidade igual ou superior ao 33%, polo órgano Estatal ou Autonómico competente na materia.

Demandantes de emprego: Os/as aspirantes que se atopen incluídos nas causas de exención do apartado 5 b) do art. 18, deberán acreditar correctamente, mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego da correspondente Comunidade Autónoma:

A súa condición de demandantes de emprego con anterioridade, polo menos, dun mes respecto á data da publicación da convocatoria correspondente no BOE.

A acreditación da ausencia de rexeitamento de oferta de emprego adecuado, así como de ausencia de rexeitamento de participación en accións de promoción, formación ou reconversión profesional.

Ademais, deberán achegar declaración xurada de carencia de rendas superiores en cómputo mensual ao Salario Mínimo Interprofesional.

QUINTA.- Lista de admitidos/as e excluídos/as.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, comprobado o pago de dereitos de exame e demais requisitos de acceso, o Alcalde, no prazo máximo dun mes ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión. Na mesma, establecerase un prazo de 10 días naturais para a presentación de reclamacións e subsanación de erros polos interesados/as lexítimos/as, de conformidade co disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido o prazo de reclamacións, en caso de non haberlas, a lista provisional considerarase como definitiva. Na devandita resolución, da que se publicará anuncio en extracto no Boletín Oficial

da Provincia, indicárase que se atopan expostas ao público as listas completas de aspirantes admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web do Concello de Pol, así como a designación nominativa dos Tribunais Cualificadores. Os restantes anuncios do procedemento selectivo serán publicados no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Pol.

5.2.- Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do/a interesado/a

SEXTA.- Tribunal cualificador.

6.1.- O Tribunal Cualificador estará constituído por un/ha Presidente/a e tres Vogais, con voz e voto, e un/ha Secretario/a, con voz e sen voto, e os/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os/as integrantes do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ao esixido para as prazas convocadas.

De conformidade co establecido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos/as seus/súas membros, así como paridade entre muller e home.

A súa composición será predominantemente técnica, rexendo o principio de especialidade das prazas convocadas.

6.2.- Os/as membros/as do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, ou se realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á Función Pública nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria, de conformidade co establecido no art. 13.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar en calquera momento aos/ás membros/as dos Tribunais cando concorran as circunstancias previstas anteriormente.

6.3.- Para a válida constitución do Tribunal requírase a presenza do/a Presidente/a e o/a Secretario/a e non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, a metade máis un dos/as seus/súas membros/as.

Queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a tramitación e boa orde das convocatorias.

6.4.- O Tribunal poderá estar asistido dos/as asesores/as necesarios/as, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas e actuarán con voz e sen voto.

6.5.- Os/as membros/as dos tribunais e os/as seus/súas asesores/as serán indemnizados/as polo concepto de asistencias por participación en procesos de selección, clasificándose atendendo ao Grupo de pertenza das prazas convocadas dentro das categorías primeira a terceira, conforme ao disposto no art. 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SÉTIMA.- Sistema de acceso.

De conformidade co previsto no art. 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, o sistema selectivo será o concurso - oposición, que consistirá en dúas fases:

FASE DE CONCURSO. (Máximo 40 puntos)

A.1.- Consistirá na valoración de méritos e nunha entrevista curricular. Esta fase cualificarase cun máximo de 40 puntos.

A.2.- O tribunal fará públicas as puntuacións que se deriven da baremación dos méritos presentados polos/as aspirantes xunto coa súa solicitude de participación, así como da cualificación obtida no encontro curricular. Respecto do encontro curricular será publicado o día, lugar e hora en que se realizará xunto coa lista definitiva de admitidos.

7.1.- **Valoración de méritos.** Os méritos alegados e xustificadas documentalmente, serán valorados cun **máximo de 40 puntos**, con arranxo ao seguinte baremo:

MÉRITOS PROFESIONAIS (Máximo 24 puntos)

7.1.1. Experiencia profesional:

a) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Local, en posto con iguais funcións e do mesmo subgrupo de pertenza á praza que se opta, outorgarase 0,54 puntos/mes.

b) Por cada mes completo de servizos prestados no resto de Administracións Públicas, en posto con iguais funcións e do mesmo subgrupo, outorgarase 0,32 puntos/mes

c) Por cada mes completo de servizos prestados no resto do Sector Público, en posto con iguais funcións e do mesmo subgrupo, outorgarase 0,27 puntos/mes.

MÉRITOS ACADÉMICOS (Máximo 16 puntos)

7.1.2. Formación: Ata un máximo de 8 puntos.

Valoraranse os cursos de formación, seminarios, congresos ou xornadas de especialización relacionados coas funcións da praza que se convocan impartidos por centros ou institucións oficiais: Universidade, Administración

Pública ou Corporacións de Dereito Público (Colexios Profesionais, etc.) ou ben, por institución pública ou privada (Asociación Empresarial, Sindicato, etc.) en colaboración cunha Administración Pública, así como aqueles incluídos no Acordo para a Formación Continua nas Administracións Públicas, con arranxo ao seguinte baremo:

- Pola participación como asistente, 0'05 puntos por cada hora de duración.
- Pola participación como relator/a ou por impartir un curso, 0'10 puntos por cada hora de duración.

Os cursos impartidos ou recibidos nos que non se exprese duración serán valorados cunha puntuación mínima de 0'05 ou 0'10, en cada caso.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberá especificarse o número de horas, en caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No caso de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Non se valorarán os cursos repetidos, salvo que a materia obxecto do curso experimente cambios relevantes.

7.1.3.- Probas superadas: Ata un máximo de 2 puntos.

Por cada exercicio superado en probas selectivas, celebradas no ámbito das Administracións Públicas, para o acceso a unha praza de administrativo (Grupo C/subgrupo C1), outorgaranse 0,50 puntos por cada proba.

Por cada exercicio superado en probas selectivas, celebradas no Concello de Pol, para o acceso a unha praza de administrativo (Grupo C/subgrupo C1), outorgárase 1 punto por cada proba.

7.2.- Encontro curricular. Máximo de 6 puntos.

Consistirá nun breve encontro (máximo 10 minutos) co Tribunal no que este plantexará preguntas ó/á aspirante sobre a súa experiencia profesional e sobre o desempeño das súas funcións. Valorarase a corrección técnica e a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

FASE DE OPOSICIÓN. (Máximo 60 puntos)

Divídese en dúas partes, obrigatorias e non eliminatorias (art. 2.4. da Lei 20/2021, de 28 de decembro).

1ª.- Parte: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 100 preguntas tipo test, baseadas no contido do programa Anexo á convocatoria.

Cada pregunta terá catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta.

O exercicio disporá, a maiores, de 4 preguntas de reserva, que serán valoradas só en caso de que se anule algunha das preguntas do mesmo.

A duración da proba será de 100 minutos. O contido da mesma será determinado polo tribunal inmediatamente antes do seu inicio.

O exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará un terzo da puntuación de cada pregunta acertada. As respostas en branco nin suman nin restan puntuación.

2ª Parte: Consistirá na resolución de 1 suposto práctico proposto polo Tribunal. O seu contido situarase no ámbito das materias tratadas dentro do programa establecido nestas bases e estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria.

A duración da proba será de 60 minutos. O contido da mesma será determinado polo tribunal inmediatamente antes do seu inicio.

O exercicio cualificarase de cero (0) a trinta (30) puntos.

3ª Parte: Este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun fragmento dun documento administrativo proposto polo Tribunal.

A duración da proba será de 20 minutos. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto”.

Quedarán exentas de realizar esta proba as persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final no proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia aquel/a aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de oposición.

2º.- De persistir o empate, terá preferencia aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso.

3º.- De persistir o empate, terá preferencia aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valoran os servizos prestados na Administración Local.

4º.- Finalmente, en caso de perdurar o empate, terá preferencia aquel aspirante que prestara servizos durante maior tempo no Concello de Pol.

NOVENA. RECURSOS.

Contra o Acordo de aprobación das presentes bases, que esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Pol no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ambos contados desde a publicación daquelas.

Pol, 23 de marzo de 2022.- O ALCALDE, LINO RODRÍGUEZ ÓNEGA.

ANEXO I

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

TEMARIO ADMINISTRATIVO ADMINISTRACIÓN XERAL

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A Coroa. O Poder Lexislativo. O Goberno e a Administración do Estado. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O poder xudicial. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.- Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Termos e prazos. Requisitos. Validez. Eficacia. A nulidade e anulabilidade.

Tema 3.- O procedemento administrativo. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 4.- O expediente administrativo. Os documentos administrativos. Clases. Práctica da notificación. Os documentos dos cidadáns. O Funcionamento do Rexistro Xeral.

Tema 5.- O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica.

Tema 6.- O Municipio. Elementos. Organización e Competencias.

Tema 7.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases de empregados públicos municipais. Dereitos e deberes dos funcionarios locais.

Tema 8.- Os bens das entidades locais: a súa clasificación.

Tema 9.- Os contratos da Administración Local. Clasificación dos contratos. Os seus elementos. Idea xeral sobre a selección do contratista, adxudicación, formalización e execución do contrato e extinción. A execución directa de prestacións por parte do Concello coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados.

Tema 10.- As formas de acción administrativa con especial incidencia na esfera local: fomento, policía e servizo público. A xestión dos servizos públicos locais.

Tema 11.- A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Tema 12.- Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacóns e notificacións.

Tema 13.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

Tema 14.- Orzamento das Entidades Locais. Procedemento para a súa aprobación e execución.

Tema 15.- A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gasto: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica.

Tema 16.- As modificacións orzamentarias: clases, concepto, financiamento e tramitación.

Tema 17.- A contabilidade das entidades locais: tipos de modelos e principais características.

Tema 18.- Recursos das entidades locais. Os ingresos de dereito privado. As participacións nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As subvencións. Os prezos públicos. As operacións de crédito. As multas e sancións. Outras prestacións de dereito público.

Tema 19.- Os tributos municipais propios. Taxas, contribucións especiais e impostos. Recargos esixibles sobre os impostos das Comunidades Autónomas ou doutras entidades locais.

Tema 20.- Os impostos locais: Imposto sobre Bens Inmóveis, Imposto sobre Actividades Económicas, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. A súa natureza. Feito impositivo. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva: o valor catastral. Base liquidable. Cota, devengo e período impositivo.

Tema 21.- Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

Tema 22.- O funcionamento dos órganos colexiados locais: réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do/a Presidente/a.

Tema 23.- Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais da tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.

Tema 24.- División administrativa do Concello de Pol: a capitalidade do Municipio, parroquias e Entidades de poboación.

Tema 25.- Coñecementos xerais sobre o Concello de Pol: situación, hidrografía, densidade poboacional, principais sectores económicos, vida cultural.

Tema 26.- Patrimonio histórico-artístico e cultural do Concello de Pol: arquitectura relixiosa, civil e popular. Restos paleontolóxicos e arqueolóxicos máis destacados.

Tema 27.- Principais infraestruturas e servizos municipais. Coñecementos básicos sobre as ordenanzas reguladoras da actividade ordinaria do Concello.

**ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE**

DATOS DO/A INTERESADO/A	
Nome e apelidos:	D.N.I./N.I.E.:
Dirección a efectos de notificación:	Dirección electrónica (indicar só no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas por este medio):

EXPÓN:

1.º) Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun ADMINISTRATIVO/A, de acordo coas bases publicadas no BOP de Lugo de data:

2.º) Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base Terceira de selección para participar no presente proceso selectivo e, no caso de obter a praza, comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 70/1979.

3.º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----

Deber de informar aos interesados/as sobre protección de datos	
<input type="checkbox"/> Fun informado/a de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Concello de Pol
Finalidade Principal	Tramitación, xestión e actuacións derivadas do proceso selectivo no que participa.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@concellodepol.gal

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

O solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

ANEXO III**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIREN AS BASES QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A NO CONCELLO DE POL.**

Don/Dona.....,
con DNI/NIE ou pasaporte número....., con enderezo postal en.....e
con enderezo electrónico.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) Estar en posesión da titulación mínima esixida nas presentes bases para o acceso á praza de ADMINISTRATIVO/A.
- b) Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) Non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza a que se aspira.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

O solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

R. 0668

RIBADEO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 23 de marzo de 2022 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **novembro-diciembre de 2021**, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de dous meses a partir da data seguinte da súa publicación no BOP.

Ribadeo, 23 de marzo de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0669

O VICEDO*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 17 de marzo de 2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente aos meses de febreiro de 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 17 de marzo do 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0640